

## GUÍA DE ORIENTACIÓN ESTUDANTES CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE NA UNIVERSIDADE DE VIGO

### Introdución

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) é un trastorno do neurodesenvolvemento que pode ter múltiples causas: alteracións xenéticas, problemas relacionados co embarazo e o parto e problemas médicos nos primeiros anos de vida. Os factores psicosociais como, por exemplo, o ambiente familiar/social onde se desenvolveu a vida do neno ou nena poden influír no curso do trastorno, agudizalo ou ben atenualo.

Ás persoas con TDAH cústalles prestar atención e poden ser impulsivas ou hiperactivas. A manifestación dos síntomas pode variar coa idade. Ademais, teñen dificultades para planificar adecuadamente as accións necesarias para levar a cabo unha tarefa, o que explica moitos dos malos entendidos que se producen con estas persoas.

De igual maneira, pode estar alterada a súa memoria de traballo, é dicir, a capacidade para manter activa a información que necesitan para realizar unha actividade. Por outra banda, poden ter en certos casos dificultade para inhibir determinados impulsos. Tamén lles resulta complicado regular as súas emocións. A súa falta de control pódelles levar a ter problemas para integrarse no seu grupo de idade, o que á súa vez lles provoca ansiedade e baixa autoestima.

Na etapa universitaria, xa son conscientes das súas dificultades, o que lles pode provocar inseguridade e tristeza que se manifestan con alteracións de conduta e mal humor. Pode diminuír a súa motivación para estudar e aprender. Tamén lles custa aceptar normas familiares.

### Tipos de TDAH

Non todos as persoas con TDAH manifestan os mesmos síntomas nin coa mesma intensidade.

### TDAH na adolescencia ou mocidade

A hiperactividade motora adoita diminuír cos anos, polo que é moi posible que nesta idade xa non se perciba. Son capaces de permanecer sentados, pero resultaralles difícil seguir as clases porque lles parecerán interminables. Poden xogar con pequenos obxectos e mover continuamente as mans e os pés. Tamén

poden falar en exceso. Ademais, terán dificultades para a organización e a planificación, e sempre adoitan pensar que teñen moito tempo para terminar os traballos ou preparar os exames.

As actitudes máis frecuentes dos mozos/as que acusan hiperactividade e impulsividade son:

- Falan máis da conta, innecesariamente e andan a miúdo polas ramas. Cústalles controlarse e, ás veces, actúan de forma impulsiva. Teñen cambios de humor moi repentinos.
- Nunca atopan o tempo para realizar os seus traballos e sempre os fan no último momento. Cústalles establecer unha orde de prioridade nas cousas que teñen que facer.
- Élles difícil controlar o paso do tempo, sempre pensan que teñen tempo dabondo para todo e en canto se dan de conta xa é demasiado tarde.
- Cústalles planificar actividades con antelación e déixanse levar facilmente polas apetencias do momento.
- Élles complicado entender, esquecen e discuten con moita facilidade as regras que lle son impostas.
- A miúdo están inquietos e necesitan mover os pés, bambearse nas cadeiras, xogar con algunhas cousas nas mans e chegan mesmo a retorcerse no seu propio asento.
- Métense facilmente en leas ou son facilmente acusados cando estas se producen preto deles/as.

As actitudes máis frecuentes dos mozos/as que non prestan atención e manifestan problemas de concentración son:

- Seleccionan a información máis importante.
- Manteñen a atención na clase e non poden evitar pensar nas súas cousas.
- Esquecen e perden cousas importantes a miúdo: a entrega de traballos, a data dun exame, a cita con alguén, traer o material a clase etc.

Non lles resulta nada fácil desviar a concentración dunha actividade para destinala a outra.

## **Intervención educativa**

Elaborarase o Plan de intervención educativa con obxectivos coordinados.

O Gabinete Psicopedagóxico valorará as necesidades educativas actuais derivadas do TDAH que poida ter a/o estudante e encargarse de comunicarse coa persoa responsable de diversidade do centro para coordinar as intervencións no ámbito

académico. Informarase de como se vai dar resposta ás necesidades específicas do/a estudante.

O Gabinete Psicopedagóxico coordinará/asesorará as medidas que sexa necesario levar a cabo por parte do titor/a responsable de diversidade do centro que atende ao/á estudante.

Derivarase a saúde mental se cumpre os criterios DSM 5 de TDAH e presenta de maneira concomitante outros trastornos psicopatolóxicos como:

- Trastornos do sono.
- Trastornos da alimentación.
- Trastorno depresivo maior ou trastorno de desregulación disruptiva do estado de ánimo.
- Trastornos de ansiedade ou trastorno obsesivo compulsivo.
- Trastorno negativista desafiante, trastorno explosivo intermitente ou alteracións graves da conduta.
- Trastorno por abuso de substancias tóxicas ou outros trastornos aditivos.

## **Informe educativo centrado no TDAH**

O Gabinete Psicopedagóxico emitirá un informe centrado no TDAH, con obxecto de darlle resposta ás necesidades específicas de apoio educativo e determinar a resposta educativa máis adecuada para a/o estudante. No citado informe aparecerá o motivo da demanda ou derivación, identificación das necesidades específicas de apoio educativo e resposta educativa, incluíndo orientacións específicas para a proposta curricular.

## **Avaliación e seguimento**

O Gabinete Psicopedagóxico entregalle a proposta de Plan de intervención educativa á persoa responsable de diversidade da facultade unha vez obtido o informe de TDAH e avaliadas as necesidades actuais do/a estudante. Na procura da efectividade do plan, o alumno/a deberá ser responsable de acudir ao gabinete cando considere que haxa que realizar modificacións na súa intervención ou adaptarse a necesidades actuais que vaian xurdindo.

## **Protección de datos**

Tal como se recolle no artigo 3 de protección de datos de carácter persoal do Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio

educativo, todos os datos persoais, académicos e clínicos das persoas obxecto do citado regulamento trataranse de conformidade co establecido legalmente.

## Bibliografía

- ARTUCH, R.; P. GONZÁLEZ e A. SANZ (2015): *Informe del Consejo Escolar de Navarra sobre el TDAH*. Navarra: Consejo Escolar de Navarra.
- BELTRÁN, J. e A. TORRES (2003): *Programa de entrenamiento en habilidades metacognitivas para maestros de niños hiperactivos*. Bilbao: Grupo Albor-Cohs.
- BROWN, T. (2003): *Trastornos por déficit de atención y comorbilidades en niños, adolescentes y adultos*. Barcelona: Masson.
- CORREAS LAUFFER, J.; F. J. QUINTERO GUTIÉRREZ DEL ÁLAMO e J. QUINTERO LUMBRERAS (2009): *Trastorno por déficit de atención e hiperactividad (TDAH) a lo largo de la vida*. Madrid: Elsevier Masson.
- GARCÍA PÉREZ, E. M. (2006): *SOS en el aula. Ayudas para padres y maestros de niños hiperactivos e inatentos*. Bilbao: Cohs.
- MARTÍNEZ MARTÍN, M.<sup>a</sup> Á. (coord.) (2013): *Todo sobre el TDAH. Guía para la vida diaria. Avances y mejoras como labor de equipo*. Tarragona: Altaria.
- MIRANDA, A.; L. AMADO e S. JARQUE (2001): *Trastornos por déficit de atención con hiperactividad. Una guía práctica*. Málaga: Aljibe.
- ORJALES, I. (2005): *Déficit de atención con hiperactividad. Manual para padres y educadores*. Madrid: CEPE.
- SOUTULLO *et al.* (2013): *Informe PANDAH. El TDAH en España*. Barcelona: Adelphi Targis.

## ANEXO

### Folla de autorización

Don/Dona.....  
estudiante de .....

autorizo o Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo a coordinarse e realizar as actuacións recollidas na Guía de actuación para alumnado con TDAH, en relación cos aspectos educativos cos recursos que conta a Universidade de Vigo, para apoiarme nas miñas necesidades académicas actuais.

Igualmente, outórgolle o meu consentimento ao intercambio de información entre os distintos ámbitos (axentes sociais, educativos e sanitarios do sector), con obxecto de proporcionar unha actuación de maneira conxunta e integral e unha atención de calidade ás distintas necesidades que poida expor e mantendo a confidencialidade, segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Data:

Sinatura: